

achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE BOQUEIXÓN perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do 24 de novembro de 2017

E, en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN P.D  
O DEPUTADO DE COOPERACIÓN, PLANS PROVINCIAIS,  
ASISTENCIA A MUNICIPIOS, TURISMO E PATRIMONIO  
HISTÓRICO ARTÍSTICO

Fdo. D. Xosé Regueira Varela

O ALCALDE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Fdo. D. Manuel Fernández Munín



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVICIO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Número 139/2017

#### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA E O CONCELLO DE BOQUEIXÓN PARA FINANCIAR O PLAN PARA A PROMOCIÓN CONXUNTA DO ENTROIDO RURAL TRADICIONAL DOS XENERAIS DA ULLA 2017

Na Coruña, a 1 de decembro de 2017

#### REUNIDOS

Dunha parte **D. Xosé Regueira Varela**, deputado de cooperación, plans provinciais, asistencia a municipios, turismo e patrimonio histórico artístico, en representación da Deputación da Coruña en virtude da R.P. 15671 de 27/07/2015, modificada pola R.P. 16642 de 30/07/2015 e pola R.P. 29081 de 23/12/2015

Doutra parte **Don Manuel Fernández Munín**, alcalde do CONCELLO DE BOQUEIXÓN con DNI núm. 33273242Q.

#### MANIFIESTAN

Que a Excm. Deputación provincial de A Coruña e o CONCELLO DE BOQUEIXÓN, quen actúa en representación dos cinco concellos da provincia incluídos no ámbito xeográfico da Ulla, consideran de gran interese para a provincia a promoción do Entroido Rural Tradicional dos Xenerais da Ulla.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE BOQUEIXÓN, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

#### CLÁUSULAS

##### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE BOQUEIXÓN CIF P1501200H, para o financiamento do "Plan para a Promoción Conxunta do Entroido Rural Tradicional dos Xenerais da Ulla 2017".

2. O CONCELLO DE BOQUEIXÓN, na súa condición de representante dos concellos da provincia da Coruña incluídos no ámbito xeográfico das actividades obxecto do presente Convenio (Touro, Vedra, Santiago de Compostela, Boqueixón e Teo), achega ao expediente un exemplar do plan de promoción, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, e acordos de delegación por parte dos concellos en BOQUEIXÓN para a realización dos trámites correspondentes.

##### II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES

O orzamento total da execución do plan de promoción, desagregase co seguinte detalle:

CONCEPTO	CANTIDADE
Xestión de redes sociais	1.331,00 €
Web adaptación / actualización	1.210,00 €
Exposición dos Xenerais do Ulla: mantemento, traslados e montaxe/desmontaxe	464,45 €
Publicidade - anuncios en prensa, web e tv	3.630,00 €
Publicidade - anuncios en radio	1.210,00 €
Representacións de títeres "As Xenerais do Ulla"	5.324,00 €
Imprevistos	660,00 €
Accións varias dinamización	2.600,00 €
Asistencia a feiras	4.847,28 €
<b>TOTAL</b>	<b>21.276,73 €</b>

##### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das actividades, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 13.329,45 € o que representa unha porcentaxe de 62,65 % A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 62,65 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade

xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE BOQUEIXÓN obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificadado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificadado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE BOQUEIXÓN o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE BOQUEIXÓN axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE BOQUEIXÓN tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE BOQUEIXÓN.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE BOQUEIXÓN, unha vez que presente a seguinte documentación:

1.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE BOQUEIXÓN, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

#### VII. TERMO PARA O REMATE DAS ACTIVIDADES E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar **rematadas ao menos TRES MESES antes** do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o CONCELLO DE BOQUEIXÓN deberá presentar a **xustificación documental** á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo **DUN MES contado a partir da sinatura do presente Convenio** e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE BOQUEIXÓN para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE BOQUEIXÓN da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE BOQUEIXÓN na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE BOQUEIXÓN terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE BOQUEIXÓN deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certifica-

dos. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase esta de oficio.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE BOQUEIXÓN destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE BOQUEIXÓN deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE BOQUEIXÓN poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE BOQUEIXÓN queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

#### XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE BOQUEIXÓN serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE BOQUEIXÓN será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

#### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **01 de xaneiro do ano 2017**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro do ano 2017**.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE BOQUEIXÓN non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de novembro de 2017**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial,